



Concello de Vigo  
Medio Ambiente

Praza do Rei, 1, 2.º andar  
36202 Vigo

Télf.: 986 810 210

Fax: 986 810 208

Correo: [ofi.mambiente@vigo.org](mailto:ofi.mambiente@vigo.org)

EXPTF.: 6906/306

ASUNTO: PREGO DAS PRESCRICIONS TÉCNICAS QUE REXERA O CONCURSO  
ABERTO PARA O CONTRATO DE PRESTACION DO SERVIZO DE SALVAMENTO E  
SOCORRISMO EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO

1. OBRXECTO DO CONTRATO

2. SERVIZO QUE SE CONTRATA E PRAZO

3. ORGANIZACION DO SERVIZO

4. MEDIOS A ACHEGAR POLO CONCELLO

5. MEDIOS A ACHEGAR POLA EMPRESA ADXUDICATARIA

5.1. PERSOAL

5.2. EQUIPAMENTO PERSOAL

5.3. MEDIOS MATERIAIS NOS POSTOS DE VIXANCIA

6. OBRIGAS DA EMPRESA ADXUDICATARIA

7. TAREFAS DOS SOCORRISTAS

8. BANDEIRA AZUL

9. DATAS E HORARIOS MINIMOS DE PRESTACION DO SERVIZO



Concello de Vigo  
Medio Ambiente

Praza do Rei, 1, 2.º andar  
36202 Vigo  
Télf.: 986 810 210  
Fax: 986 810 208  
Correo: ofi.mambiente@vigo.org

### 1. OBXECTO DO CONTRATO

O presente prego das prescricións técnicas ten por obxecto rexer a adxudicación do servizo de servizo de salvamento e socorristismo para os areas de Figueiras, Rodas (Cíes), A Punta (Teis), O Adro (Bouzas), O Tombo do Gato, Argazada, Samil (Alcabre), O Vao, Fontalña (Coruxo), Canido (Oia) e Fortiñón (Salás).

### 2. SERVIZO QUE SE CONTRATA E PRAZO

O servizo de salvamento e socorristismo desenvolverase en cada un dos areas especificados na cláusula anterior mediante a presenza do persoal coa capacidade e medios técnicos precisos, durante o verán de xuño a setembro nos lugares, datas e horarios determinados neste prego.

O servizo consistirá no control, prevención e, se fora o caso, intervención nos rescates das situacións de risco que poidan derivarse para os usuarios das praias.

O presente contrato terá unha duración de dous anos, nos meses sinalados, e prorrogable ano a ano ata outras dúas anualidades.

### 3. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

A empresa adxudicataria non será a única entidade que preste servizos de prevención e actuación nos areas e franxas costeiras sinaladas no obxecto deste documento. Entre outras, poden ter responsabilidades en atención sanitaria e primeiros auxilios Cruz Vermella, así como en vixilancia e actuación no mar Protección Civil mediante embarcacións e persoal propio, polo que organizará os seus servizos tendo en conta as súas respectivas responsabilidades e de conformidade con este prego.

Co obxecto de coordinar estas entidades coa maior operatividade posible, a empresa adxudicataria seguirá en todo momento as indicacións do técnico coordinador do servizo, que será designado pola Concellería de Medio Ambiente, e as da propia concellaría, escolloendo o sistema de vixianza máis óptimo en función dos factores, características da praia e circunstancias propias do momento en colaboración coas devanditas entidades.

A empresa adxudicataria deberá distribuir os medios humanos dispoñibles para que toda a extensión da beira do mar e as inmediacións do areal este observada de xeito continuo dende a apertura ata o peche do servizo, mediante vixilancia estática ou dinámica.



Concello de Vigo  
Medio Ambiente

Praza do Rei, 1, 2.º andar  
36202 Vigo  
Télf.: 986 810 210  
Fax: 986 810 208  
Correo: ofi.mambiente@vigo.org

Cando as condicións meteorolóxicas sexan adversas, poderá excepcionalmente reducirse ou reforzarse o número e horario dos socorristas de conformidade co técnico coordinador do servizo de vixianza, socorrista e primeiros auxilios. Dita redución ou reforzo do servizo deberá garantir un retén de persoal e material que poida solventar calquera posible emerxencia nos areas mencionados.

#### 4. MEDIOS A ACHEGAR POLO CONCELLO

O Concello de Vigo fixará os postos de prestación do servizo de salvamento e socorrista, dotando cada un deles de torres de vixianza cun toldo de lona identificativo e un mastil para o izado das bandeiras de sinalización, coa seguinte distribución mínima:

Areas	Nº postos	Areas	Nº postos
Figueras	1 sen torre	Tombo do Gato	1
Rodas	1	Argazada	1
O Punta	1	Samil	3
O Adro	1	O Vao	2 *
Areas	Nº postos	Areas	Nº postos
Fontaina	1	Fontaina	1
Canido	1	Canido	1
Fortiñón	1	Fortiñón	1

(\*) No areal do Vao considerárase 1 posto para os meses de xuño e setembro.

A Concellería de Medio Ambiente, a través do técnico coordinador, exercerá a coordinación dos servizos das entidades que participan na prevención e actuacións nos areas, así como a inspección e control do adecuado funcionamento do persoal e dos medios materiais empregados no servizo.

#### 5. MEDIOS A ACHEGAR POA EMPRESA ADXUDICATARIA

##### 5.1. PERSOAL

A empresa adxudicataria dotará de persoal suficiente para a prestación do servizo de salvamento e socorrista, que disporá dos certificados de formación pertinentes en materia de salvamento acuático, socorrista e primeiros auxilios, baixo calquera das modalidades recoñecidas, e expedidos por calquera das entidades competentes (Fundación IDISSA, Federación de Salvamento e Socorrista de Galicia ou entidade equivalente). As denominacións destas certificacións correspondarán ás aceptadas actualmente no eido laboral ("socorrista en salvamento acuático e primeiros auxilios", "socorrista en instalacións e espazos acuáticos naturais", etc.).

O número mínimo de socorristas será de dous por cada posto, segundo o sinalado na táboa anterior.



Concello de Vigo  
Medio Ambiente

Praza do Rei, 1, 2.º andar  
36202 Vigo  
Télf.: 986 810 210  
Fax: 986 810 208  
Correo: [ofi.mambiente@vigo.org](mailto:ofi.mambiente@vigo.org)

## 5.2. EQUIPAMENTO DO PERSOAL

Todo o persoal pertencente ao servizo de salvamento e socorrismo deberá ir uniformado e identificado con claridade o servizo que presta, estando a empresa adxudicataria obrigada a dotar e reporir o equipamento, coa dilixencia e periodicidade precisa, para cada socorrista.

Como mínimo, o equipamento persoal de cada traballador será:

- Camiseta ou polo: 2 unidades.
- Bañador tipo bermuda: 2 unidades.
- Anorak ou prenda de abrigo: 1 unidade
- Aletas
- “Floppi” ou tubo de rescate
- Gorra identificativa: 1 unidade
- Lentes de sol
- Silbato (debe levalo en todo momento e terá un silbido agudo).

As identificacións que figuren no equipamento deberán ser as do servizo que se presta coa lenda “Concello de Vigo”. Non se permite incluír ningún tipo de publicidade. Recoméndase utilizar de xeito adecuado a vestimenta de cara a dar unha boa imaxe aos usuarios, quedando prohibido o uso deste material fóra do horario do servizo.

## 5.3. MEDIOS MATERIAIS NOS POSTOS DE VIXANCIA

A empresa adxudicataria dotará a cada posto dos medios necesarios para levar a cabo correctamente o servizo, sendo a dotación mínima de cada posto de:

- ◆ Prismáticos.
- ◆ Emisora portátil de VHF (1 por torre e 1 por patrulla).
- ◆ Manta térmica.
- ◆ Botiquín de primeiros auxilios (ver Anexo I)

## 6. OBRIGAS DA EMPRESA ADXUDICATARIA

E obriga da empresa adxudicataria a custodia e mantemento do material entregado polo Concello, debendo entregalo cada ano en boas condicións á finalización do servizo.

A empresa adxudicataria formará ao seu persoal no uso das comunicacións, dando instrucións concretas sobre o manexo e comprobación dos aparatos, así como dos contidos, ordes de transmisión e destinatarios das mensaxes emitidas ou recibidas.



Concello de Vigo  
Medio Ambiente

Praza do Rei, 1, 2.º andar  
36202 Vigo

Télf.: 986 810 210

Fax: 986 810 208

Correo: [oli.mambiente@vigo.org](mailto:oli.mambiente@vigo.org)

Asemade, a empresa adxudicatara farase responsable da uniformidade, pulcritude e decoro no vestir e do correcto trato do seu persoal cos usuarios dos areas e demais entidades prestadoras de servizos.

A empresa adxudicatara sera a encargada do correcto mantemento de todo o material empregado no servizo, evitando calquera desperfecto ou deterioro causado por un uso indebido do mesmo. Asemade, dara aviso inmediato ao técnico coordinador do servizo das incidencias ao respecto.

A empresa adxudicatara estara obrigada ao cumprimento da lexislación aplicable en materia laboral e de seguridade social, contando con todos os permisos precisos para a súa contratación así como calquera outra obriga que poida derivarse nesta materia. O persoal contratado dependerá única e exclusivamente da empresa adxudicatara, non tendo relación ou dependencia laboral algunha co Concello de Vigo.

Asemade, a empresa adxudicatara distribuirá e organizará ao persoal por quedas segundo as responsabilidades, necesidades funcionais, títulos, experiencia, xefes de equipo, etc., e designará un responsable por queda que asumirá as funcións directas de organización do servizo velando polo cumprimento dos requisitos derivados deste prego, de conformidade co técnico coordinador do servizo. Dito responsable actuará a todos os efectos como representante da empresa nos asuntos relativos á prestación do servizo, sendo interlocutor válido da mesma ante a Concellaría de Medio Ambiente.

A empresa adxudicatara responderá de calquera indemnización por danos e perxuzos que ocasionen dende o inicio ata a finalización do contrato, sen detrimento dos dereitos que lle poidan asistir. A tal efecto, esta obrigada a ter unha póliza de Seguro de Responsabilidade Civil, que cubra os posibles danos causados a terceiros como consecuencia da actividade deste contrato.

## 7. TAREFAS DOS SOCORRISTAS

As tarefas dos socorristas acuatricos nos areas seran as seguintes:

■ Controlar, supervisar e percorrer a zona de baño e o areal, estando pendente en todo momento dos riscos potenciais para os usuarios e bañistas; tendo en conta que o seu campo de responsabilidade primordial será o do areal asignado mais a primeira traxa de auga onde se atopan os bañistas. Nas praias limitadas por balizas flotantes, este será o limite de actuación prioritaria na auga.

■ Izar e arriar a bandeira de sinalización do estado da mar, previa consulta co técnico coordinador do servizo, e no seu caso das Bandeiras Azuis onde corresponda.

■ Comprobar e manter nun correcto estado de uso o material e medios dos que dispoñen para realizar as súas tarefas.



- Vixiar as actividades dos usuarios da zona de baño, prestando unha atención especial aos bañistas que se atopan nas inmediacións da beira do areal.
- Esixir o cumprimento da normativa aplicable a todas as persoas en coordinación coas demais entidades implicadas e a Policía Local.
- Facer respectar a prohibición de que as embarcacións a motor e practicas de vela, esquí acuático, surf ou outras actividades similares circulen de xeito ilegal, ou podendo en perigo aos usuarios que se atopan nas zonas de baño, e a prescrición de que fagan as súas entradas e saídas polas canles destinadas a tal fin.
- Manter a zona destinada ao baño totalmente libre de animais e de obxectos que poidan presentar riscos para os bañistas, dando conta inmediata á autoridade competente.
- Realizar os rescates na auga coa máxima dilixencia, eficacia e seguridade posible, coa axuda dos equipos ou medios de prevención ou actuación do areal, ou se fora o caso, doutros alieos ao servizo.
- Controlar ao público en situacións de rescate, en coordinación cos axentes e equipos implicados na seguridade dos areas.
- Avisar das emerxencias e practicar os primeiros auxilios no caso de ser necesario.
- Comunicación ao técnico coordinador do servizo ou autoridade competente de calquera incidencia con respecto ao estado das praias.
- Calquera outras tarefas recollida nos puntos anteriores e seguintes deste prego.

## 8. BANDEIRA AZUL

A empresa adxudicataria deste servizo farase responsable ademais das seguintes tarefas relacionadas coa Bandeira Azul:

- ➔ Saber que a concesión da Bandeira Azul é un galardón de recoñecemento único para o areal, polo que a súa colocación e conservación deberá garantir o seu uso adecuado e evitar calquera acto vandálico.

- ➔ Diariamente izará a Bandeira Azul no areal conforme aos criterios existentes, ao inicio do servizo, e retirala a gardala en condicións axeitadas a súa finalización.

- ➔ Comunicar de xeito inmediato á Concellería de Medioambiente e ao técnico coordinador do servizo calquera incidente que afecte directamente á colocación do galardón.



Concello de Vigo  
Medio Ambiente

Praza do Rei, 1, 2º andar  
36202 Vigo  
Télf.: 986 810 210  
Fax: 986 810 208  
Correo: [ofi.mambiente@vigo.org](mailto:ofi.mambiente@vigo.org)

Devolver en correcto estado todas as bandeiras dos areas á Concellería de Medioambiente, unha vez finalizado o período de prestación do servizo, e nunca máis tarde do 30 de setembro do ano en curso.

## 9. DATAS E HORARIOS MÍNIMOS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

Annualmente fixaranse as datas de inicio e finalización do servizo de salvamento e socorrismo.

Conforme ao establecido na cláusula 2ª, para o ano 2010 o servizo de salvamento e socorrismo prestarase dende o día 15 de xuño ao 15 de setembro en días laborais (66 días), fins de semana (sábados e domingos) e festivos (27 días).

O horario mínimo de prestación do servizo de salvamento e socorrismo será o seguinte:

XULLO E AGOSTO		XUÑO E SETEMBRO		AREAIS	
Fin de semana e festivos		Fin de semana e festivos		Días laborais	
Días laborais		Días laborais		Días laborais	
De 11,00 a 20,00 horas aprox. (Do primeiro barco ata o último)		De 11,00 a 20,00 horas		FIGUEIRAS (Cles) RODAS (Cles)	
De 11,00 a 20,00 horas		De 12,00 a 20,00 horas		O TOMBO DO GATO O VAO FORTIÑÓN	
De 12,00 a 20,00 horas		De 12,00 a 20,00 horas		SAMII	
De 11,00 a 20,00 horas		De 12,00 a 20,00 horas		A PUNTA ARGAZADA FONTAÑA CANIDO	
De 12,00 a 20,00 horas		De 12,00 a 20,00 horas		O ADRO	




Concello de Vigo  
Medio Ambiente

Praza do Rei, 1, 2.º andar  
36202 Vigo  
Télf.: 986 810 210  
Fax: 986 810 208  
Correo: ofi.mambiente@vigo.org

Toda a documentación presentárase no Rexistro Xeral do Concello dirixida á Concellería de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo.

Vigo, 10 de marzo de 2010

O xefe do servizo de Medio Ambiente




Ramon Fernandez-Linares Bouza

CONCELLO DE VIGO

CONFORME:

A concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo

M<sup>a</sup> Jesus Lago Rey



/sg

ANEXO 1

<b>MATERIAL MÍNIMO DO BOTTUÍN DE PRIMEIROS AUXILIOS</b>	
5 xiringas 5 cc	5 xiringas 20 cc
agullas para xiringas (3 de cada tamaño)	1 pinza curva
1 pinza disección	1 tesoura
4 vendas elásticas	10 unidades de soro fisiolóxico
10 lancetas estériles	12 paquetes de gasas estériles (de 5 ou 10 uds)
1 paquete de tirras	1 paquete de tiras de aproximación
1 tubo "guedel" nos tres tamaños "estándar"	1 rolo de esparadrapo de papel
1 rolo de esparadrapo de tela	1 tubo de amoniaco sanitario para picaduras
1 tubo de "fenergan" pomada	1 tubo de "tromboclín" pomada
1 tubo de "silvederma" pomada	1 esponxa
1 manita térmica	1 povidona iodada normal
1 povidona iodada bucal	1 tubo de "calmatel" pomada
1 desinfectante con clorhexidina (para alérxicos ao iodo)	10 pares de guantes estériles de latex